


# BASES DO VI CERTAME DE VIDEOCREACIÓN



## Participantes

Poderán participar todas as persoas maiores de 16 anos que o desexen, sen restrición de nacionalidade ou lugar de residencia.

## Requisitos

- 1.- As obras presentadas deberán ser inéditas e orixinais.
- 2.- Poderán ser realizadas de maneira individual ou colectiva. No caso de que a peza audiovisual sexa feita por un grupo, deberase indicar no documento de inscrición unha persoa que o represente ou escoller un nome colectivo que cumpra con esa función.
- 3.- Cada obra deberá comezar coa cortina de inicio dispoñible na páxina [www.lugocultural.gal](http://www.lugocultural.gal)
- 4.- A duración de cada peza audiovisual será dun máximo de 5 minutos, incluíndo a cortina inicial e os créditos.
- 5.- No caso de que a obra conteña linguaxe oral ou escrita, valorarase positivamente a utilización de calquera das normativas do galego.
- 6.- A persoa ou colectivo participante deberá acreditar a autoría ou o dereito ao uso dos elementos empregados na súa realización, tanto musicais como gráficos.

## Prazos

Prazo de inscrición:

Desde o 1 de outubro ata o 30 de outubro de 2024

Inscrición:

Para formalizar a inscrición, ademais de cubrir o formulario online <https://forms.office.com/e/Rw2KdSUWRd>, deberase enviar un correo-e a [cultura.lugo@usc.gal](mailto:cultura.lugo@usc.gal) cos seguintes anexos: DNI escaneado e certificado da conta bancaria na que desexe recibir o premio.

## **BASES DO VI CERTAME DE VIDEOCREACIÓN**

Prazo de envío da peza de videocreación:

Do 5 ao 7 de novembro ata as 13:00h.

Envío da peza de videocreación

Poderase enviar unha ligazón a calquera plataforma audiovisual, sempre e cando a peza participante sexa descargable e non estea en aberto, garantindo que a no momento da súa proxección sexa inédita

Poderase tamén enviar a peza a través de Wetransfer ao mesmo correo-e: [cultura.lugo@usc.gal](mailto:cultura.lugo@usc.gal)

### **Premios**

Establécense catro premios, aos que optarán por igual todas as pezas presentadas ao Certame que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

As obras gañadoras non o poderán ser de máis dun premio con excepción do Premio do Público.

- Premio á mellor linguaxe visual e millor comunicación audiovisual Araceli Herrero : 300€, diploma e obra Mónica Alonso . Valoraranse especialmente os aspectos referentes á imaxe, dende a iluminación ata a dirección artística, así como a edición e posproducción de cada peza. Será a proposta que abranga unha mellor relación de todos os aspectos comunicativos e expresivos, empregando conscientemente as diferentes ferramentas que as linguaxes creativas permitan.
- Premio Isidro Novo á mellor linguaxe literaria: 300€, diploma e obra Mónica Alonso . Valoraranse especialmente os aspectos literarios da obra, nomeadamente aqueles referentes ao guión e/ou ao emprego da linguaxe escrita ou oral, no que o galego será preferente.
- Premio do Público: 100€ e diploma. O Premio do Público será outorgado á videocreación que reciba máis votos o día da entrega de premios, para o cal cada unha das persoas do público terá á súa disposición a papeleta de votación, que se entregará antes do acto. Unha vez comezada a proxección das obras non se entregarán máis papeletas de votación. En caso de empate o premio dividirase en partes iguais.

## **BASES DO VI CERTAME DE VIDEOCREACIÓN**

-

### **Entrega de premios**

A entrega de premios terá lugar o 29 de novembro ás 20:30 h na Casa do Saber, ao finalizar a proxección das obras presentadas ao VI Certame de Videocreación.

### **Xurado**

O xurado encargado de decidir os premios será nomeado pola organización.

A decisión do xurado será inapelable.

### **Dereitos e usos**

As persoas participantes conservan todos os dereitos sobre as súas obras. Porén, ao participar no Certame, concédenlle á organización o dereito a utilizar as súas obras ou anacos destas para fins de difusión e promoción do Certame e das actividades culturais asociadas.

### **Aceptación das bases**

A participación no Certame implica a aceptación total destas bases. Calquera aspecto non previsto nestas será resolto pola organización.

Estas bases teñen como obxectivo garantir a transparencia, equidade e calidade do Certame, fomentando a creatividade e a exploración das miradas audiovisuais na nosa contorna.

### **Titorías**

Coa vontade de proporcionar ferramentas e fomentar o coñecemento, este ano, o Certame pon a disposición das persoas participantes a posibilidade de manter unha titoría en liña. Para acceder a este recurso, quen participe, ten que enviar un correo-e a [cultura.lugo@usc.gal](mailto:cultura.lugo@usc.gal) co asunto: Titoría. Deste xeito establececese o luns 14 de outubro en dous sesións ás 13:00 e as 20:00 para esa conexión dixital, que terá unha duración de 60 minutos.

# BASES DO VI CERTAME DE VIDEOCREACIÓN